

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0946	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0946_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74
MP0946_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ MANUEL VILLAMOR CABADO (Subst.)
Outro profesorado	JOSÉ MANUEL VILLAMOR CABADO

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais q), r), t), x) e y) do ciclo formativo, e as competencias o), p), r) e u).

Obxectivos xerais:

- q) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- t) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.
- x) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- y) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Competencias:

- o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- p) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- r) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- u) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O proceso de inserción laboral. O traballo en equipo.	Pasos para a nosa inserción no mercado laboral do século XXI	22	10
2	A relación laboral.	Relacións laborais, especiais e excluídas. O dereito do traballo no marco da relación laboral.	4	4
3	O contrato de traballo. Modalidades.	Coñecer que é un contrato de traballo, as súas características, e as modalidades actualmente vixentes no noso marco normativo.	6	10
4	O tempo de traballo.	A xornada, os descansos, as vacacións. Especialidades. Especial referencia ás horas extraordinarias.	4	6
5	O salario.	Coñecer que conceptos son salario e cales non o son. Modalidades. A nómina.	12	12
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	Cando podemos modificar, suspender ou extinguir un contrato de traballo. Cálculo de indemnizacións e finiquito.	10	12
7	A participación dos traballadores na empresa.	Formas de participación dos traballadores na empresa. Especial referencia aos sindicatos. O conflito na empresa.	4	6
8	A Seguridade Social.	Sistema vixente da Seguridade Social. Especial referencia ás situacións de incapacidade, maternidade, risco durante o embarazo. O desemprego.	12	10
9	A saúde laboral.	Aprender o significado do concepto de saúde e demais conceptos significativos no marco da PRL.	20	10
10	Previr e protexer.	A prevención e a protección no marco do traballo.	20	10
11	Organización da prevención nas empresas.	Distintas formas de organizar a PRL nas empresas.	8	8
12	Emerxencias. Os primeiros auxilios.	Como actuar ante as distintas situacións de emerxencia que se poden presentar na empresa.	6	2

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O proceso de inserción laboral. O traballo en equipo.	22

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en mecánica industrial e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecánica industrial.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identifícanse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en mecánica industrial
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.1.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.

Contidos

Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.

Equipos no sector da mecatrónica industrial segundo as funcións que desempeñen.

Dinámicas de grupo.

Equipos de traballo eficaces e eficientes.

Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

Conflito: características, tipos, causas e etapas.

Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

Coidado dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.

Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.

Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

Valoraróñse as oportunidades de formación noutros estados da Unión Europea.

Valoraróñse as oportunidades de emprego noutros estados da Unión Europea.

Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.

Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en mecatrónica industrial.

Proceso de toma de decisións.

Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A relación laboral.	4

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

4.2.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O contrato de traballo. Modalidades.	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en mecánica industrial.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O tempo de traballo.	4

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en mecánica industrial.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O salario.	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Analízouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.6.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A participación dos traballadores na empresa.	4

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.7.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Novos contornos de organización do traballo. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social.	12

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A saúde laboral.	20

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da mecatrónica industrial.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.9.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Previr e protexer.	20

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da mecatrónica industrial.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.5 Levóuse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.10.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector da mecatrónica industrial en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da mecatrónica industrial.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.



Contidos

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Organización da prevención nas empresas.	8

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

4.11.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Emerxencias. Os primeiros auxilios.	6

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.12.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1.- Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo Formación e Orientación Laboral son os establecidos no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mecatrónica industrial. Estes mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva veñen reflectidos como resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos para cada unidade formativa.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo profesional do ciclo formativo.

5.2.- Instrumentos e criterios de cualificación aplicados.

Combinarase a avaliación mediante probas obxectivas, realización de actividades, casos prácticos e traballos.

O alumno/a, deberá efectuar coa dilixencia adecuada e deberá entregar no prazo marcado pola profesora, todas as producións que lle sexan requiridas.

Os seguintes instrumentos de avaliación serán comúns para todas as unidades formativas:

- Diario de clase: Observación do traballo na aula e cumprimento do prazo de entrega das producións.
- Proba obxectiva (unha ou varias por trimestre segundo o criterio da profesora, e consistirán en cuestionarios, preguntas e resolución de casos prácticos), realización de actividades, casos prácticos e traballos. Trátase dun conxunto de producións que se lle presentan ao alumnado para que demostre, de xeito individual, o dominio das capacidades e coñecementos, e poda dar resposta as diferentes situacións plantexadas pola profesora.

O peso de ditos instrumentos na avaliación parcial trimestral será a seguinte:

- 10% Observación do traballo na aula, e cumprimento do prazo de entrega das producións. No caso de entrega fora de prazo permitiránse entregar as actividades, casos prácticos e traballos ata a data límite establecida pola profesora, pero coa perda do 10% correspondente.
- 90% Probas obxectivas, realización de actividades, casos prácticos e traballos.

Requirirase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba obxectiva, actividades, casos prácticos e traballos para alcanzar a avaliación positiva.

A cualificación do módulo será numérica entre 1 e 10, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos. Para acadar unha avaliación positiva o/a alumno/a deberá conseguir ou superar os 5 puntos.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións dos tres trimestres no caso de seren cada unha delas de 5 puntos ou máis sobre dez. No caso de ser algunha das tres ou varias inferiores a 5 puntos, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, no mes de Xuño, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar ás probas específicas de avaliación trimestrais.

O alumnado que durante a realización dalgunha proba obxectiva, actividades, casos prácticos e traballos, realizara calquera acto de copia, suplantación ou cambio, obterá unha puntuación de 1 punto. A sanción afectará a todos os estudantes involucrados: quen copie e quen sexa

copiado, por ser responsabilidade dos/as alumnos/as evitar que a súa proba ou traballo e todo o material avaliable sexa obxecto de copia. A reprodución total ou parcial de calquera material extraído de internet ou doutras fontes non autorizadas pola profesora, e que sexa utilizado para a avaliación do estudante, se considerará copia.

O módulo desenvolverase presencialmente.

Traballaremos na aula co libro de texto e co material proporcionado pola profesora. Complementarase o proceso de ensino-aprendizaxe coa aula virtual do IES Punta Candieira.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación Ordinaria:

No caso de ser algunha das tres ou varias cualificacións trimestrais inferiores a 5 puntos, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar ás probas específicas de avaliación trimestrais. A avaliación do módulo considerarase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente. Dita proba versará sobre o currículo desenvolvido no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mecánica industrial.

Esta proba específica de avaliación global será para determinar se o alumno acadou os mínimos esixibles determinados para cada Resultado de Aprendizaxe.

En canto aos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos de ditos alumnos, serán os que xa figuran detallados na programación para o módulo de Fol e para o curso completo; establecidos no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mecánica industrial.

Avaliación do alumnado co módulo pendente:

Os alumnos matriculados en 2º curso e que promocionaron co módulo pendente de 1º deberán levar a cabo as actividades de recuperación previamente establecidas e serán avaliados coincidindo coa 2ª sesión de avaliación parcial de módulos do 2º curso a celebrar no mes de Marzo/Abril. No caso de non acadar unha avaliación positiva, ditos alumnos poderán recuperar o módulo pendente durante o período ordinario de realización da FCT e serán avaliados na avaliación final de módulos de 2º curso no mes de Xuño.

As actividades de recuperación para estes alumnos se deseñarán a partir do informe de avaliación individualizado ao que fai referencia a lexislación vixente. Tendo todo isto en conta, os membros do Departamento de Fol acordarán, con carácter xeral, que esas actividades consistan na realización de traballos, resolución de casos prácticos e actividades, e unha proba obxectiva escrita.

A realización dos traballos e das actividades teórico-prácticas serán realizadas polo alumno pola súa conta, contando sempre coa orientación do profesor. A proba obxectiva escrita terá un peso do 100%.

A avaliación do módulo considerarase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Dita proba versará sobre o currículo desenvolvido no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mecánica industrial.

En canto aos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos de ditos alumnos con módulos pendentes, serán os mesmos que xa figuran detallados na programación para o módulo de Fol e para o curso completo; establecidos no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo

que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mecatrónica industrial.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua e co que, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, que terá unha estrutura similar á Proba específica de avaliación global e que, igual que esta, servirá para determinar se o alumno acadou os mínimos esixibles para cada Resultado de Aprendizaxe.

Esta proba de avaliación extraordinaria requerirá a entrega previa dos informes que o profesor teña previstos como obrigatorios con polo menos 10 días de antelación á data de realización da proba extraordinaria de avaliación.

Dito alumnado será avaliado de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerárase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Dita proba versará sobre o currículo desenvolvido no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mecatrónica industrial.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación do módulo e da propia práctica docente realizarase periódicamente (por unidade didáctica, semanal, quincenal ou mensual) pola propia profesora por comparación entre o planificado e o executado realmente, rexistrando as modificacións necesarias.

Mensualmente, as conclusións do seguimento da programación por parte da profesora comentarase no seo do departamento de FOL, que servirán de base para a memoria de final de curso que se terá que presentar sobre o desenvolvemento da programación do módulo e coas estatísticas sobre cualificacións do alumnado.

Na nosa práctica cotián introducimos elementos capaces de enriquecer, sistematizar e avaliar o desenvolvemento e adecuación da programación coas seguintes ferramentas:

- Cuestionarios aos alumnos con criterios claros e precisos sobre o que consideramos relevante (claridade das nosas exposicións, nivel de motivación acadado coas actividades propostas, suficiencia ou insuficiencia do tempo adicado, variedade e adecuación dos materiais empregados, propostas de mellora).

- Análises dos resultados dos alumnos, a hora de avaliar a ensinanza.

Realizaranse avaliacións deste tipo de xeito continuo e os seus resultados non se serán en conta para cualificar cuantitativamente ó alumno.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial, para coñecer a situación de partida do alumnado e desta forma poder adaptar os contidos para que logren acadar os resultados de aprendizaxe, farase no primeiro mes de clase, mediante a observación da resposta do alumnado aos conceptos básicos.

As conclusións sobre as características, formación previa e capacidades do alumnado, que serán obxecto de análise na avaliación inicial, obteranse mediante un cuestionario que se repartirá entre o alumnado para contrastar, en relación con este módulo, a base matemática previa, a competencia básica nas TIC e unha sondaxe sobre conceptos básicos relacionados coa prevención de riscos laborais, co traballo en equipo, co mercado laboral e coa busca de emprego.

Tamén servirán como instrumentos para esta avaliación inicial a observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do

CURSO.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Está prevista legalmente a posibilidade de flexibilización modular do ciclo formativo, a solicitar antes do 31 de outubro de cada ano académico, para os alumnos con necesidades educativas especiais.

O profesor, independentemente da flexibilización modular, poderá planificar actividades de apoio para aqueles alumnos que non respondan globalmente aos obxectivos programados.

Ao alumnado que non acade os obxectivos proporáselles tarefas de apoio para realizar na casa, as cales deberán entregárselle ao profesor. En todo caso, o modelo de reforzo estará condicionado polo tipo de necesidade educativa de cada alumno, a metodoloxía, a organización da aula, o grao de coordinación entre o profesorado, os profesores especialistas de que se dispoña, etc.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais a tratar no módulo profesional ó longo do curso están relacionados co desenvolvemento das capacidades de relación social e comunicativas do alumnado, entendidas como un complemento necesario e importante a incluír en calquera titulación de tipo técnica.

Os temas transversais concretos a tratar son os seguintes:

- Desenvolver habilidades de relación social e interpersonal.
- Potenciar as actividades comunicativas, de negociación e de traballo en equipo.
- Fomentar a motivación.
- Educación ambiental, relacionado co bloque de saúde laboral, concretamente co tema de factores de riscos físicos, químicos, biolóxicos. É preciso sensibilizar ao alumnado sobre a necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, con vistas á protección do medio ambiente. Asimismo, fomentar nos futuros traballadores o espírito de traballo respectando os niveis de calidade e seguridades esixidos.
- Educación para a igualdade de oportunidades. Sendo o dereito á igualdade un dereito fundamental constitucional, o Estatuto dos Traballadores recoñece este dereito á igualdade tanto no acceso ao emprego como nas condicións de traballo. A Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes introduce un importante cambio nas relacións laborais entre empresas e traballadores.
- Educación Moral e Cívica. Relacionada cos deberes que presiden a relación laboral, recollidos no art. 5.a) os traballadores deben cumprir as obrigas concretas do seu posto de traballo, de conformidade ás regras da boa fe e dilixencia, sendo causa de despido disciplinario a trasgresión da boa fe contractual de acordo co art. 54.1ºd).
- Educación para la Paz, no violencia y cooperación. No tema de equipos de traballo expóñense diversas estratexias, entre outras, a participación na toma de decisións, o que conleva unha actitude de respecto hacia outras opinións e a aceptación da opinión maioritaria. Igualmente, no equipo e no posto de traballo haberá que traballar de xeito responsable e maduro, aceptando os obxectivos que se han de conseguir, aceptando as consecuencias das propias decisións e asumindo responsabilidades.
- Educación para a saúde. Presente en todo o bloque de saúde laboral, constitúe un dereito e un deber dos traballadores á integridade física e unha axeitada política de seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos.
- Educación vial. Sinalización de seguridade e posibles accidentes in itinere.
- Educación para o emprego das TIC. Todas as unidades didácticas incorporan unha actividade de estratexias de información e comunicación para fomentar o emprego das TIC. Ademais disto, o profesor, a iniciativa propia ou a solicitude dos alumnos, poderá fomentar na aula o emprego de programas básicos (tratamento de textos, folla de cálculo, presentación de diapositivas...) relacionándoo coas distintas unidades didácticas. Por exemplo: presentación do curriculum vitae e da carta de presentación obrigatoriamente mediante o emprego das TIC, e tamén o plan de prevención.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares serán as previstas polo Departamento, en correlación con outros Departamentos ou que poidan xurdir durante o curso, especialmente relacionadas coa prevención de riscos, os primeiros auxilios, cooperativismo e emprendeduría.

10. Outros apartados

10.1) FOL

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo profesionalizadores, en especial no referente ao sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
- Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan básico de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de

traballo semanais sexan consecutivas.

O módulo desenvolverase presencialmente, pero cando as circunstancias impidan o seu desenvolvemento presencial, tanto no caso de semipresencialidade, como no caso de desenvolvemento do mesmo de xeito íntegramente virtual, traballaremos coa aula virtual do IES Punta Candieira, co Google Drive, que é un servizo de aloxamento de arquivos co que contan todo o alumnado, e coa aplicación de vídeo-conferencia que pon á disposición do profesorado a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade.

As comunicacións co alumnado serán preferentemente a través da aula virtual, e completaranse co emprego do correo electrónico, o Whatsapp, e, cando sexa preciso, a comunicación telefónica en caso non ser posible o desenvolvemento presencial do módulo.

10.2) BIBLIOGRAFÍA

Libro de texto recomendado ao alumnado:

-Formación y Orientación Laboral. Actualizado Julio 2023

Autores: Bruno J. García González, David Tena Cornelles, M^a Carmen de Fez Solaz, M^a Desamparados García Ortuño, M^a Victoria Hernández Ricarte.

Editorial: TuLibrodeFP S.L.U.

ISBN: 978-84-16812-90-5